

**Resolución do 23 de abril de 2026, para nomear e publicar a composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso, polo sistema de promoción interna, na escala técnica, técnico/a informático, subescala de informática, grupo B.**

Mediante a Resolución do 27 de novembro de 2025 (DOG do 10 de decembro de 2025), convocáronse probas selectivas para o ingreso polo sistema de promoción interna, na escala técnica, técnico/a informático/a, subescala informática, subgrupo B.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 136 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 06 de outubro (DOG do 27 de outubro), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

**RESOLVE:**

Publicar a composición do tribunal, no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para o ingreso polo sistema de promoción interna, na escala técnica, técnico/a informático/a, subescala informática, subgrupo B.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría segunda das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023.

A Coruña, asinado dixitalmente

O reitor

PD A xerenta (RR 10.07.2024)

M<sup>a</sup> Jesús Grela Barreiro

## ANEXO

### TRIBUNAL TITULAR

Presidente: Javier Fariñas Alvariño, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Ángel Fernández Leal, funcionario da Universidade da Coruña  
Alejandra Rodríguez Fernández, funcionaria da Universidade da Coruña  
José Francisco Sánchez Corral, funcionario da Consellería de Educación,  
Ciencia, Universidade e FP.

Secretaria: María Teresa Noya Andrade, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.

### TRIBUNAL SUPLENTE

Presidente: Juan Carlos Illanes Sánchez, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Jesús Barreira García, funcionario da Universidade da Coruña  
Sonia María Seijas Ramos, funcionaria da Universidade da Coruña  
Pedro Monteserín Macías, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: María Jesús Cainzos López, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.